

DECRETO

**EXCMO. SR. ALCALDE EN FUNCIONS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,
DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.**

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA FACER FRONTE Á PARTE DE FINANCIAMENTO MUNICIPAL NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE: "ACOMETIDA DO CAMBIO DO SISTEMA DE REGO NO CAMPO DE RUGBY DO ESTADIO DE ATLETISMO GREGORIO PÉREZ RIVERA".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 27-2023, por un importe total de 25.142,20 €, derivados das obrigas de carácter económico derivadas da proposta de gasto coa finalidade de facer fronte á parte de financiamento municipal necesaria para a realización da obra de "Acometida do cambio do sistema de rego no campo de rugby do Estadio de Atletismo Gregorio Pérez Rivera", vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral 2023.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/1195 de data 01.08.2023, así como RCMOD núm: 2023/52252 de 11.08.2023 , por importe total de 25.142,20 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 25.142,20 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>CP</u>	<u>IMPORTE €</u>
34100.22609	25.142,20 €	34200.63900	23XX00035	25.142,20 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	25.142,20 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		25.142,20 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac6239122890225091162.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 27-2023 Campo de Rugby (DEPORTES)

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.